

CELEBRAMOS O DÍA DO MEDIO AMBIENTE

Sabías que as plantas son moi importantes? Non só como alimento para moitos animais, senón tamén para nós. Ademais proporcionánnos unha gran cantidade de osíxeno que precisamos para respirar; ao tempo que absorben dióxido de carbono. Axudan, deste xeito, a regular o clima e a humidade e a manter o solo.

Educación Plástica. 1º-2º- de EP:

Esta semana vamos a facer dous tipos de sementeiros, moi artísticos!

A) CULTIVAMOS TOMATES:

1º) **Facemos a maceta reciclada** (podes seguir algún exemplo do vídeo ou crear a túa propia maceta): https://www.youtube.com/watch?v=BezX_OgUV0k&t=320s



2º) **Cultivamos os tomates seguindo o vídeo:**

<https://www.youtube.com/watch?v=hLmOfHPRtfQ>

Manda foto do proceso e de como evoluciona a: dudas.joaquinrodriguez@gmail.com.

- Podes facer o mesmo cun kiwi. O truco está en facer as lonchas finas e en poñelas con pouquiña terra por encima. Botar a auga con moito coidado e espallada, para que non lle quite a terra.

B) CULTIVAMOS NUN SEMENTEIRO DE CÁSCARA DE OVO:

1º Segue [o vídeo paso a paso](#) par crear o teu sementeiro. Decora ao teu gusto e quedará precioso: <https://www.youtube.com/watch?v=XNMebqfVFsg>

- Non tes por que seguir a decoración proposta do vídeo, podes crear a túa propia. Abaixo déixote, en imaxes, outros exemplos.
- Que sementes podo empregar? Sementes de trigo seco, alpiste, sementes de herba....
- Non empregar deste xeito legumes (lentellas, garavanzos...), pois estas xerminan mellor en algodón húmido.



Manda foto do proceso e de como evoluciona a: dudas.joaquinrodriguez@gmail.com.


OUTRAS IDEAS (ESTAS XA PODEN TARDAR MOITO MÁIS TEMPO EN XERMINAR):

<https://www.youtube.com/watch?v=nLMoxOpGMlg>

Educación Musical:

Cantamos a canción "Reciclar", do libro-CD "Paio e o poder da música".

Anímate a mandar un audio ou vídeo cantando a:
dudas.joaquinrodriguez@gmail.com



Completa a letra:

Cartón, ton, ton, papel e cartón,
de cor _____ é o seu contedor.
Estou falando de _____,
o costume no meu fogar.

Reciclar, reciclar,
botando cada cousa no seu lugar
Reciclar, reciclar
para o _____ axudar (x2).

Latas e tetrabricks,
no _____ vas poñelo ti.
E as pilas non se botan en calquera
lugar
porque poden _____.

Reciclar, reciclar,
botando cada cousa no seu lugar
Reciclar, reciclar
para o planeta axudar (x2).

Lixo orgánico,
no cor _____ bótao.
Non o confundas co do _____
que é da mesma cor,
Pero ten moita menos fedor.

Reciclar, reciclar,
botando cada cousa no seu lugar
Reciclar, reciclar
para o planeta axudar (x2).